

Concello de Carballo
L01150196

Asunto: solicitude de informe para a ampliación da autorización de aproveitamento de recursos da sección A) “Olveiro” núm. 26 (AC/A/0026), no concello de Carballo, provincia da Coruña

En relación co asunto de referencia, remítense os documentos proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental, cos correspondentes planos e orzamento, para a ampliación da autorización de aproveitamento de recursos da sección A) Olveiro núm. 26, no concello de Carballo (A Coruña), que poden descargar da seguinte ligazón, para os efectos da emisión, no prazo de trinta días, do correspondente informe no ámbito das súas competencias, segundo o establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e o artigo 23 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, así como no artigo 37 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/M5cKLnb5NmA7aNx>

No caso de non recibir as consideracións que estime oportunas no prazo de trinta días, este departamento territorial entenderá que considera apropiado o contido do dito expediente para continuar coa súa tramitación, consonte cos artigos 23.3 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e 24.1 da antedita lei 9/2021.

Por outra banda, segundo o establecido nos artigos 9.4 “Obligaciones generales” e 36 “Información pública del proyecto y del estudio de impacto ambiental” da antedita lei 21/2013, indícolle que deberá expoñer ao público no taboleiro de anuncios do seu concello a antedita documentación, durante o prazo de trinta días dende que reciba esta comunicación. Transcorrido o antedito prazo, deberá remitirnos un certificado de exposición pública no que conste o lugar e o período no que estivo exposta a dita documentación.

A Coruña, na data indicada na marxe esquerda

M^a Teresa Negreira Pazos

Xefa do Servizo de Enerxía e Minas

